

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2015, adoptouse o seguinte acordo:

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "REHABILITACIÓN DO CENTRO CÍVICO DE FERROL VELLO. XULLO 2014" (14 UR 3.1.51) Á EMPRESA SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mesa de Contratación, que textualmente di:

"O día 1/09/2014 a Xunta de Goberno Local aprobou o "*Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Centro Cívico de Ferrol Vello. Xullo 2014*"; o prego de cláusulas administrativas particulares; a contratación administrativa correspondente á **Contratación da execución das obras de "Rehabilitación do Centro Cívico de Ferrol Vello. Xullo 2014" (14 UR 3.1.51)**; a convocatoria da licitación mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de valoración; o gasto plurianual correspondente á dita contratación na cantidade de **350.594,06 €** co 21% do IVE incluído (289.747,16 € importe sen IVE) financiado pola Iniciativa Urbana do Programa Operativo FEDER Galicia e a súa imputación á partida orzamentaria do Programa Urban 03006-1501-60900 (GFA 141u3151).

O anuncio de licitación publicouse o día 9/09/2014 no Perfil de Contratante do Concello de Ferrol; o día 22/09/2014 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP nº 180) e o día 23/09/2014 nos xornais "Diario de Ferrol" e "La Voz de Galicia". As empresas que presentaron oferta, segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral, son:

- Plica nº 1: PROSEMA NOROESTE SL
- Plica nº 2: INLASTIME SL
- Plica nº 3: CONSTRUCCIONES CANOSA SL
- Plica nº 4: ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA
- Plica nº 5: CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO SL
- Plica nº 6: ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIONES ALPA SL
- Plica nº 7: CONSTRUCCIONES C. CANCELA SL
- Plica nº 8: CONSTRUCCIONES OREGA SL
- Plica nº 9: SA de Obras y Servicos, COPASA
- Plica nº 10: CONSTRUCCIONES ALEA SL
- Plica nº 11: CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ SL
- Plica nº 12: CONSTRUCCIONES VILA RIO MIÑO SA

- Plica nº 13: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA
- Plica nº 14: XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL
- Plica nº 15: OGMIOS PROYECTO SL
- Plica nº 16: ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE SL
- Plica nº 17: SERGONSA SERVICIOS SL
- Plica nº 18: VIODER SL
- Plica nº 19: CYS HISPANIA SL
- Plica nº 20: OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL
- Plica nº 21: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL

O día 7/11/2014 a Mesa de Contratación revisou a documentación administrativa presentada polas empresas nos Sobres A), declarando inicialmente admitidas a esta licitación a todas.

De seguido, na mesma sesión e en acto público, se procedeu á apertura dos Sobres B) "Referencias técnicas dos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes" das empresas inicialmente admitidas, resultando o seguinte:

- Plica nº 1: PROSEMA NOROESTE SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 2: INLASTIME SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 3: CONSTRUCCIONES CANOSA SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 4: ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 5: CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 6: ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIONES ALPA SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 7: CONSTRUCCIONES C. CANCELA SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 8: CONSTRUCCIONES OREGA SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 9: SA de Obras y Servicios, COPASA, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*

- Plica nº 10: CONSTRUCCIONES ALEA SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 11: CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 12: CONSTRUCCIONES VILA RIO MIÑO SA, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 13: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 14: XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 15: OGMIOS PROYECTO SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 16: ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 17: SERGONSA SERVICIOS SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 18: VIODER SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 19: CYS HISPANIA SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 20: OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*
- Plica nº 21: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, *presenta documentación pendiente de revisión técnica.*

Os Sobres B) pasaron a informe técnico respecto do *criterio de valoración núm. 2 "Proposta técnica"* do Anexo IV dos pregos. A puntuación mínima que deberán acadar as empresas para poder optar á adxudicación será de 51 puntos.

Deuse conta do informe emitido polo arquitecto municipal, respecto dos criterios non valorables en cifras ou porcentaxes, na sesión da Mesa de Contratación de data 12/12/2014. No informe técnico consta o seguinte:

*"Primeiro. Co obxecto de asegurar a imparcialidade e a consecución dos intereses municipais, establecidos no apartado 2 Oferta técnica do Anexo IV, cinguinme aos ítems que a oferta técnica desenvolve nos seus apartados e ao seu peso na puntuación proposta.*

*Segundo. Segundo o reflectido apartado 2 Oferta técnica a puntuación das distintas ofertas admitidas no concurso avaliarase teñendo en conta os seguintes apartados:*

**1 PROGRAMA DE CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS (ATA 25 PUNTOS).**

Describirá un programa de construción que asegure a execución das obras no prazo de execución do proxecto, ao tempo que realice unha distribución de anualidades contractuais respectuosas coas establecidas no cadro de características do prego, agás naqueles supostos en que de xeito xustifico poida variarse dita distribución sen vulnerar a normativa orzamentaria en materia de contratación.

A planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades descritas na memoria, debendo xustificar os rendementos medios previstos que garantan o prazo estimado no proxecto. En concreto o licitador facilitará a información seguinte:

**- Diagrama de GANTT que inclúa: Ata 10 puntos**

Desenvolvemento no tempo de todas as unidades de obra (actividades)

As relacións de precedencia entre cada unha das actividades.

Duración estimada de cada actividade e folgura entre elas.

A indicación das actividades críticas.

Os investimentos mensuais previstos.

Outórganse como máximo 2 puntos por apartado e se puntúa proporcionalmente cada un dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

**- Para obras que non sexan de tipo lineal, diagrama PERT . Ata 10 puntos**

Outórganse como máximo 10 puntos ao apartado e proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

**- Os investimentos mensuais previstos (sen deducirse a oferta económica). Ata 5 punto**

Outórganse como máximo 5 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e proporcionalmente 0, e 2,5 puntos dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.



PROG. DE CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS (0-25)			
	DIAGRAMA GANTT (0-10)	DIAGRAMA ESPAZO-TEMPO/PERT (0-10)	INVESTIMENTOS MENSUAIS (0-5)
PROSEMA NOROESTE	7	7,5	5
INLASTIME	5,8	6,3	5
CANOSA	7	7,5	5
ACCIONA	9,2	9,7	5
VALDOVIÑO	0	0	2,5
ALPA	7	7,5	5
C. CANCELA	7	7,5	5
OREGA	7	7,5	5
COPASA	9,2	9,7	5
ALEA	9,2	9,7	5
DEL FIN FERREIRO	7	7,5	5
VILA MIÑO	8,1	8,6	5
PRACE	9,2	9,7	5
XESTIÓN AMBIENTAL	9,2	9,7	5
OGMIOS PROYECTO	9,2	9,7	5
ATLÁNTICA DE CONST.	7	7,5	5
SERGONSA	7	7,5	5
VIODER	5,8	6,3	5
CYS HISPANIA	5,8	6,3	5
OBRAS Y VIALES	8,1	8,6	5
IAM RUMBO	7	7,5	5

**2. MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROCESO DE EXECUCIÓN E INCREMENTO DOS RECURSOS HUMANOS MÍNIMOS (ATA 25 PUNTOS).**

A memoria descritiva servirá para explicitar as bases en que se fundamenta o programa de traballo.

Describirá os procesos de execución das actividades importantes da obra e reflectirá un enfoque e plantexamento correctos e realistas do conxunto da obra, tanto na súa planificación territorial como temporal, todo isto en coherencia cos medios propostos. A memoria conterá unha análise completa do proceso de realización das obras.

**- Descrición e análise completa do proceso de execución das actividades máis importantes da obra. Ata 5 puntos**

Outórganse 5 puntos ás plicas que achegan unha memoria completa e ao resto proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da proposta achegada.

**- Organigrama do persoal e curriculum de todo o equipo técnico adscrito á obra, tanto a tempo completo como a tempo parcial. Ata 10 puntos**

Valórase proporcionalmente a achega de equipa, así como a súa especialización.

**- Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo participantes. Ata 5 puntos**

Outórganse 5 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e se puntúa proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada polas empresas.

**- Distribución en planta da obra e análise das necesidades de acopios e de instalacións auxiliares. Ata 2 puntos**

Outórganse 2 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e se puntúa proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

**- Desvíos provisionais e reposicións de servizos coas súas medidas de sinalización e seguridade previstas. Ata 2 puntos**

Outórganse 2 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e se puntúa proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

**- A relación das fontes de subministro de materiais e validación das mesmas, no seu caso. Ata 1 punto**

Outórganse 1 punto ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e se puntúa proporcionalmente ao grao de adecuación da documentación achegada.

**MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROCESO EXECUCIÓN (0-25)**

	DESCRIPCIÓN PROCESO EXEC. (0-5)	ORGANIGRAMA PERSOAL/CURRICULUM (0-10)	EQUIPOS DE TRABAJO (0-5)	DISTRIB. ACOPIOS INST. AUX. (0-2)	DESVIOS PROV. (0-2)	FONTES SUBMINISTRO (0-1)
PROSEMA NOROESTE	3	5	3	0	0	0,5
INLASTIMÉ	3	4	1,5	0	0,5	0,25
CANOSA	5	5	3	2	0,5	0,5
ACCIONA	5	8	5	2	2	0,75
VALDOVINO	1	1	0	2	0,5	0
ALPA	5	5	1,5	2	0,5	0,75
C. CANCELA	5	6	5	2	0,5	0,5
OREGA	3	7	3	2	1	0,5
COPASA	5	8	5	2	2	0,75
ALEA	5	7	5	2	2	0,75
DELFIN FERREIRO	3	6	3	2	1	0,5
VILA MIÑO	5	7	5	2	2	0,5
PRACE	5	8	1,5	2	0,5	0,75
XESTIÓN AMBIENTAL	5	8	5	2	2	0,75
OGMIOS PROYECTO	5	7	4	2	1,5	0,75
ATLÁNTICA DE CONST.	5	7	4	2	1	0,5
SERGONSA	5	5	5	2	0,5	0,25
VIODER	3	5	1,5	0	0,25	0,25
CYS HISPANIA	3	5	1,5	2	0	0,5
OBRAS Y VIALES	5	7	4	1,5	1	0,75
IAM RUMBO	5	6	5	2	0,5	0,75

**3. PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA (ATA 20 PUNTOS).**

O contratista definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos a executar.

**- Unidades de obra a controlar e ensaios a realizar durante a execución dos traballos. Ata 10 puntos**

Outórganse 10 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e se puntuá proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

**- Criterios de mostraxe técnico e de aceptación e rexeitamento, así como a normativa técnica aplicable. Ata 2 puntos**

Outórganse 2 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e se puntuá proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

**- Organización destinada ao control de calidade. Ata 2 puntos**

Outórganse 2 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e de acordo co prego e se puntuá proporcionalmente ao grao de adecuación da documentación achegada.

**- Orzamento do plan de control de calidade proposto. Ata 5 puntos**

O importe do plan de control de calidade será como mínimo o indicado no proxecto e como máximo do 3% do orzamento de execución material da obra. Puntuáse proporcionalmente da seguinte forma:

Outórganse 5 puntos ás ofertas que ofertan o 3% do orzamento e as inferiores de xeito proporcional.

**- Valorarase a existencia dentro da propia empresa dun plan de autocontrol de calidade, así como a adaptación do dito plan á obra licitada. Valoraranse as acreditacións dos licitadores en materia de Control de Calidade (ISO 9001...). Ata 1 punto**

Outórganse 1 punto ás plicas que achegan o certificado en materia de control de calidade.

PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA (0-20)				
UNID (0-10)	MOST. (0-2)	ORG. (0-2)	ORZ. (0-5)	ACRED. (0-1)
7,5	1	0,5	5	0
0	1	0,5	2,5	0
7,5	1,5	1	5	1
10	1,5	1,5	5	1
5	0	0	0	0
5	1	0	0	0
7,5	1,5	1,5	5	0
5	0,5	1,5	5	1
10	1,5	1,5	5	1
7,5	1,5	1	0	1
5	0,5	1,5	5	0
10	1,5	1	5	1
7,5	1,5	1	5	1
10	1,5	1,5	5	1
7,5	1,5	1,5	5	1
7,5	1,5	1,5	5	0.CAD
7,5	1,5	0,5	5	0
7,5	0	0	5	0
7,5	0	0	5	0
7,5	1,5	1,5	5	1
7,5	1,5	0	5	0

PROSEMA NOROESTE
INLASTIME
CANOSA
ACCIONA
VALDOVINO
ALPA
C. CANCELA
OREGA
COPASA
ALEA
DELFIN FERREIRO
VILA MIÑO
PRACE
XESTIÓN AMBIENTAL
OGMIOS PROYECTO
ATLÁNTICA DE CONST.
SERGONSA
VIODER
CYS HISPANIA
OBRAS Y VIALES
IAM RUMBO

#### **4. MEMORIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (ATA 20 PUNTOS)**

O contratista achegará neste apartado relación de medidas que se disporán ao longo do contrato, en relación coa prevención de riscos laborais, tanto no relativo a medidas de protección pasiva e activa, así como actividades que se desenvolverán ao longo do contrato para minimizar os riscos laborais.

Especificamente nesta memoria indicárase:

**- A implantación de sistemas de participación dos traballadores (persoal do contratista e subcontratistas) na prevención de riscos laborais. Ata 5 puntos**

Outórganse 5 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntuá proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

**- Os canais de información e formación dos traballadores (persoal do contratista e subcontratistas) da obra. Ata 4 puntos**

Outórganse 4 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntuá proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.



- **A adaptación do estudio de seguridade e saúde do proxecto ao proceso construtivo ofertado polo licitador, propoñendo as melloras que se consideren convenientes: análise das posibles situacións de emerxencia: medidas a adoptar. Ata 5 puntos**

Outórganse 5 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúa proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

- **A organización do seguimento da obra: organización da prevención e seguridade na obra, coordinación con subcontratistas e traballadores autónomos. Ata 5 puntos**

Outórganse 5 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúa proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.

- **Valoraranse as acreditacións dos licitadores en materia de prevención de riscos laborais (OHSAS 18001.....).Ata 1 punto**

Outórganse 1 punto ás ofertas que achegan o certificado en materia de prevención de riscos laborais e con medio punto ás ofertas que contan con auditorías internas ao respecto. No caso de que estean caducadas 0 puntos.

PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS (0-20)				
A1. (0-5)	A2. (0-4)	A3. (0-5)	A4. (0-5)	A5. (0-1)
2	2	2	2	0
0	0	2	0	0
4	4	4	4	0,5
4	4	4	4	1
1	1	1	1	0
2	1	2	4	0
2	2	4	4	0
4	2	4	4	0
4	4	4	4	1
1	2	4	4	1
4	2	4	4	0
1	2	4	4	0
4	4	4	4	1
4	4	4	4	1
4	4	4	4	1
4	3	4	4	0
2	2	4	4	0
1	1	1	2	0
1	1	1	2	0
4	4	4	4	0
2	2	4	4	0

PROSEMA NOROESTE
INLASTIME
CANOSA
ACCIONA
VALDOVINO
ALPA
C. CANCELA
OREGA
COPASA
ALEA
DELFIN FERREIRO
VILA MIÑO
PRACE
XESTIÓN AMBIENTAL
OGMIOS PROYECTO
ATLÁNTICA DE CONST.
SERGONSA
VIODER
CYS HISPANIA
OBRAS Y VIALES
IAM RUMBO

##### **5. PROGRAMA DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES (ATA 10 PUNTOS).**

*A/ Memoria que recolla un análise do proxecto dende o punto de vista ambiental, destacando os puntos que esixen unha atención especial segundo o criterio do licitador.*

*- A identificación das unidades de obra e/ou dos procesos construtivos que podan xerar impactos, así como as medidas adoptadas para a súa eliminación, diminución ou corrección. Ata 3 puntos*

*Outórganse 3 puntos ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúa proporcionalmente dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.*

*- A organización física da obra (trazado de camiños e acceso, asentamento de andares, parques de maquinaria). Ata 1 punto*

*Outórganse 1 punto ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúa proporcionalmente con dependendo do grao de adecuación da documentación achegada.*

*- O emprego de materiais, con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables. Ata 1 punto*

*Outórganse 1 punto ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúa proporcionalmente ao grao de adecuación da documentación achegada.*

*- A localización de vertedoiros autorizados. Ata 1 punto*

Outórgase 1 punto ás plicas que detallan a localización dos vertedoiros autorizados a utilizar e 0,5 puntos ás ofertas que non detallan a localización específica dos ditos vertedoiros.

**- A xestión de residuos. Ata 1 punto**

Outórganse 1 punto ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúan proporcionalmente as ofertas con menor grao de adecuación da documentación achegada.

**- A identificación de requisitos legais ambientais que sexan de aplicación para a execución da obra dente o punto de vista europeo, estatal ou autonómico. Ata 1 punto**

Outórganse 1 punto ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúa proporcionalmente ás ofertas con menor grao de adecuación da documentación achegada.

**- Valoraranse as acreditacións dos licitadores en materia de xestión ambiental (ISO 14001...).Ata 1 punto**

Outórgase 1 punto ás plicas que achegan o certificado en materia de xestión ambiental e con medio punto ás ofertas que contan con auditorías internas ao respecto. No caso que os certificados/auditorías estean caducados 0 puntos.

**B/Organigrama medioambiental proposto para a execución do contrato, en especial os dos técnicos que, especificamente, dedicaranse á xestión ambiental, cunha descrición das responsabilidades ambientais para cada un dos postos. Ata 1 punto**

Outórganse 1 punto ás plicas que achegan unha oferta completa e se puntúan proporcionalmente con 0,5 puntos as ofertas con menor grao de adecuación da documentación achegada.

PROG. ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS (0-10)

	A1. (0-3)	A2. (0-1)	A3. (0-1)	A4. (0-1)	A5. (0-1)	A6. (0-1)	A7. (0-1)	B1. (0-1)
PROSEMA NOROESTE	1,5	0	0,25	1	0,5	0,5	0	1
INLASTIME	1,5	0	0	0	0	0	0	0
CANOSA	1,5	0,5	0,25	1	0,5	0,5	0	0,5
ACCIONA	3	1	0,75	1	0,5	0,5	1	1
VALDOVINO	1,5	0,5	0,25	1	0,5	0,5	0	0
ALPA	1,5	1	0	0	0	0,5	0	0
C. CANCELA	1,5	1	0,75	1	0,5	0,75	0	1
OREGA	1,5	1	0,25	1	0,5	0,75	1	1
COPASA	3	1	0,5	1	0,5	0,5	1	1
ALEA	3	0,5	0,75	1	0,25	0,75	1	1
DELFIN FERREIRO	1,5	1	0,25	1	0,5	0,75	0	1
VILA MIÑO	1,5	0,5	0,5	1	0,5	0,5	0	0,5
PRACE	1,5	0,5	0,25	1	0,5	0,75	1	1
XESTIÓ AMBIENTAL	3	1	0,5	1	0,5	0,5	1	1
OGMIOS PROYECTO	3	0,5	0,5	1	0,5	0,5	1	1
ATLÁNTICA DE CONST.	1,5	0,5	0,5	1	0,5	0,5	1	1
SERGONSA	1,5	0,5	0,25	1	0,25	0,5	0	0,5
VIODER	1,5	0	0	1	0,25	0,5	0	1
CYS HISPANIA	1,5	0,5	0,25	0	0,25	0	0	0
OBRAS Y VIALES	1,5	0,5	0,75	1	0,5	0,75	1	1
IAM RUMBO	1,5	0,5	0,25	1	0,5	0,5	0	0,5

*Terceiro. As empresas que non acadan 51 puntos na valoración quedarán fóra do concurso de acordo co Anexo IV do correspondente prego."*

	<b>TOTAL</b>
PROSEMA NOROESTE	57,75
INLASTIME	33,85
CANOSA	72,75
ACCIONA	91,4
VALDOVIÑO	20,25
ALPA	52,25
C. CANCELA	72,5
OREGA	70
COPASA	91,15
ALEA	76,9
DELFIN FERREIRO	67
VILA MIÑO	77,7
PRACE	81,15
XESTIÓN AMBIENTAL	91,15
OGMIOS PROYECTO	85,65
ATLÁNTICA DE CONST.	76
SERGONSA	68,25
VIODER	48,85
CYS HISPANIA	49,1
OBRAS Y VIALES	80,45
IAM RUMBO	69,5

Tendo en conta o informado polo técnico municipal; a Mesa de Contratación, co voto favorable de todos os asistentes:

- Primeiro: Acordou EXCLUIR do procedemento ás empresas que non acadaron a puntuación mínima de 51 puntos que o prego establece para poder optar á adxudicación.
  - Plica nº 2: INLASTIME SL
  - Plica nº 5: CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO SL
  - Plica nº 18: VIODER SL
  - Plica nº 19: CYS HISPANIA SL
- Segundo: PONDEROU o contido dos sobres B) das empresas inicialmente admitidas coa puntuación que consta no informe técnico emitido ao respecto por don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal.

Deuse conta, a continuación, do informe técnico que emite o arquitecto municipal en data 9/12/2014, relativo á valoración realizada respecto do organigrama funcional do persoal que inclúen as propostas técnicas que presentaron os licitadores nos seus respectivos sobres B). No informe consta o seguinte:

*En relación coa valoración do sobre B, no procedemento de licitación das obras de "Rehabilitación*

do Centro Cívico de Ferrol Vello. Xullo 2014, procede aclarar o seguinte:

- *Que o que se valora é o organigrama funcional do persoal que se inclúe nas propostas técnicas, non os curriculumms que poidan achegar, en ningún caso, que aínda que se acompañen coa documentación non son obxecto de valoración.*
- *Esta aclaración non afecta á puntuación acadada por cada empresa, nin polo tanto ao resultado final.*
- *Que esta explicación faise aos efectos de aclarar aspectos relevantes para o cumprimento dos requisitos de cofinanciación comunitaria.*

A continuación, a Mesa de Contratación procedeu á apertura, en acto público, dos sobres C) "Oferta económica-Referencias técnicas do criterio avaliable mediante cifras ou porcentaxes" das empresas admitidas a esta licitación, resultando o seguinte:

- Plica nº 1: PROSEMA NOROESTE SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 259.800,00 €
- Plica nº 3: CONSTRUCCIONES CANOSA SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 252.659,52 €
- Plica nº 4: ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 237.882,42 €
- Plica nº 6: ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIONES ALPA SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 270.792,18 €
- Plica nº 7: CONSTRUCCIONES C. CANCELA SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 244.982 €
- Plica nº 8: CONSTRUCCIONES OREGA SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 246.372,01 €
- Plica nº 9: SA de Obras y Servicios, COPASA, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 245.991,74 €
- Plica nº 10: CONSTRUCCIONES ALEA SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 240.895,79 €
- Plica nº 11: CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 240.866,81 €
- Plica nº 12: CONSTRUCCIONES VILA RIO MIÑO SA, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 257.150,60 €
- Plica nº 13: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 239.041,40 €
- Plica nº 14: XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 256.426,23 €

- Plica nº 15: OGMIOS PROYECTO SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 243.830,00 €
- Plica nº 16: ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 248.747,93 €
- Plica nº 17: SERGONSA SERVICIOS SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 243.560,18 €
- Plica nº 20: OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 245.884,30 €
- Plica nº 21: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, presenta oferta económica por un importe, sen IVE, de 242.576,32 €

Os Sobres C) se remitiron a informe técnico respecto do criterio de valoración núm. 1 "Proposta económica" do Anexo IV dos pregos.

Na sesión de data 16/01/2015 da Mesa de Contratación deuse conta do informe técnico, emitido polo arquitecto municipal, no que de conformidade co criterio establecido no prego para a consideración das baixas temerarias se identifica ás empresas que incurriron nese suposto, que forón:

- plica nº 4: ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
- plica nº 7: CONSTRUCCIONES C. CANCELA, S.L.
- plica nº 10: CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
- plica nº 11: CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO, S.L.
- plica nº 13: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
- plica nº 15: OGMIOS PROYECTO, S.L.
- plica nº 17: SERGONSA SERVICIOS, S.L.
- plica nº 21: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.

De seguido deuse conta de que ás empresas citadas se lles concedeu un prazo de audiencia para que xustificasen a súa oferta. Todas as empresas requiridas presentaron documentación, agás:

- plica nº 7: CONSTRUCCIONES C. CANCELA, S.L.
- plica nº 11: CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO, S.L.
- plica nº 21: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.

En terceiro lugar, deuse conta do informe técnico de data 13/01/2015 emitido polo arquitecto municipal no que se valora a documentación aportada pola empresas para xustificar o prezo temerario no que incorren. No informe consta o seguinte:

**Primeiro.** As empresas Construcciones C. Cancela SL; Construcciones Delfin Ferreiro SL e IAM Rumbo Instalaciones y Obras SL, non achegaron xustificación das baixas temerarias nas que incorren, polo que se propón que queden fóra do procedemento de licitación.

**Segundo.** A documentación de xustificación da baixa temeraria achegada polas empresas Acciona Infraestructuras SA; Construcciones Alea SL; Ogmios Proyecto SL; Prace Servicios y Obras Sa e Sergonsa SL, non xustificac suficiente a baixa temeraria na que incorren sen menoscabar a calidade da obra. Polo que non procede estimar as súas xustificacións.

**Terceiro.** Por todo o anterior, e á vista das puntuacións totais acadadas no procedemento de licitación, propónse a adxudicación do contrato á empresa SA de Obras y Servicios COPASA por acadar a maior puntuación no procedemento (95,12 puntos)

Nº PLICA	EMPRESA	Puntuación sobre C)	Ponderado sobre C)
1	PROSEMA NOROESTE SL	68	34,68
3	CONSTRUCCIONES CANOSA SL	84	42,84
6	ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIONES ALPA SL	43,43	22,15
8	CONSTRUCCIONES OREGA SL	98,09	50,03
<b>9</b>	<b>SA de Obras y Servicios</b>	<b>98,94</b>	<b>50,46</b>
12	CONSTRUCCIONES VILA RIO MIÑO SA	73,96	37,72
14	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	75,58	38,55
16	ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE SL	92,77	47,31
20	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	99,18	50,58

Resultando a valoración final a seguinte:

Nº PLICA	EMPRESA	Ponderado sobre B)	Ponderado sobre C)	Total
1	PROSEMA NOROESTE SL	28,3	34,68	62,98
3	CONSTRUCCIONES CANOSA SL	35,65	42,84	78,49
6	ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIONES ALPA SL	25,6	22,15	47,75
8	CONSTRUCCIONES OREGA SL	34,3	50,03	84,33
<b>9</b>	<b>SA de Obras y Servicios</b>	<b>44,66</b>	<b>50,46</b>	<b>95,12</b>
12	CONSTRUCCIONES VILA RIO MIÑO SA	38,07	37,72	75,79
14	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	44,66	38,55	83,21
16	ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y	37,24	47,31	84,55



	MEDIO AMBIENTE SL			
20	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	39,42	50,58	90

Tendo en conta todo o informado polo técnico municipal; a Mesa de Contratación, co voto favorable de todos os asistentes:

- Primero: Acordou EXCLUIR do procedemento ás empresas:
  - plica nº 4: ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
  - plica nº 7: CONSTRUCCIONES C. CANCELA, S.L.
  - plica nº 10: CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
  - plica nº 11: CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO, S.L.
  - plica nº 13: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  - plica nº 15: OGMIOS PROYECTO, S.L.
  - plica nº 17: SERGONSA SERVICIOS, S.L.
  - plica nº 21: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.
- Segundo: PONDEROU o contido dos sobres C) das empresas inicialmente admitidas coa puntuación que consta no informe técnico emitido ao respecto, en data 13/01/2015, por don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal.

A sesión de data 16/01/2015 rematou coa proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación, co voto favorable de todos os asistentes, e tendo en conta o resultado do exame e avaliación das ofertas presentadas e inicialmente admitidas. A proposta se formulou no seguinte sentido:

- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa **SA de Obras y Servicios, COPASA** na cantidade (sen IVE) de 245.991,74 €. Proposta condicionada a que presente toda a documentación que se lle requira de acordo co establecido na cláusula 21.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, e procedéndose, en caso contrario, tal como se establece na cláusula 21.2.

Efectuado o requirimento para a presentación da documentación esixida na cláusula 21.1 do prego de cláusulas administrativas á empresa **SA de Obras y Servicios, COPASA** (CIF A-32/015.844), ésta presentou en prazo toda a documentación.

Revisada dita documentación considerouse que cumpre o esixido na cláusula 21.1 do prego.

Polo todo o exposto, o presidente da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- Primeiro: EXCLUÍR, polas razóns indicadas na parte expositiva, as ofertas presentadas polas empresas:

- Plica nº 2: INLASTIME SL
  - plica nº 4: ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
  - Plica nº 5: CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO SL
  - plica nº 7: CONSTRUCCIONES C. CANCELA, S.L.
  - plica nº 10: CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
  - plica nº 11: CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO, S.L.
  - plica nº 13: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  - plica nº 15: OGMIOS PROYECTO, S.L.
  - plica nº 17: SERGONSA SERVICIOS, S.L.
  - Plica nº 18: VIODER SL
  - Plica nº 19: CYS HISPANIA SL
  - plica nº 21: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.
- **Segundo:** ADXUDICAR, polas razóns recollidas na parte expositiva, a **Contratación da execución das obras de “Rehabilitación do Centro Cívico de Ferrol Vello. Xullo 2014” (14 UR 3.1.51)** á empresa **SA de Obras y Servicios, COPASA** (CIF A-32/015.844) por un importe de 245.991,74 € (sen IVE), 51.658,26 € (21% de IVE); o que supón un total de **297.650,00 € (21% de IVE incluído)** todo isto con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte a súa oferta.
  - **Terceiro:** FORMALIZAR o contrato no prazo máximo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes a aquel en que reciban a notificación da adxudicación os licitadores e candidatos, de conformidade coa cláusula 22 do prego.
  - **Cuarto:** De acordo co establecido na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas, DESIGNAR RESPONSABLE DO CONTRATO a don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes

contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Podrá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 9 de febreiro de 2015.

O SECRETARIO XERAL -

